



Asunto: Resolución solicitude información

Ref. Interna: SXU transp.01/2018

O 13 de febreiro de 2018 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia con destino á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, dita solicitude quedou rexistrada co número 2018/37406.

O 19 de abril de 2018 esta solicitude foi remitida a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o 23 de abril foi recepcionada na Secretaría Xeral de Universidades, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Unha vez analizada a solicitude, a Secretaría Xeral de Universidades resolve conceder o acceso á información en relación as axudas a que se refire a solicitude deducida por Miguel Delgado González, nos termos establecidos no artigo 22.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, indicándolle que a información está dispoñible no Portal Web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas seguintes ligazóns:

- Ano 2006: Orde do 18 de decembro de 2006 pola que se resolve a do 26 de setembro de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 11 de outubro), de convocatoria das axudas do Programa de estruturación de unidades de investigación en humanidades e ciencias sociais, en réxime de concorrencia competitiva (DOG núm 243, do 20.12.2006), expediente 2006/58 importe concedido 24.375 €

Esta información está dispoñible na páxina web da consellería no seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3158> en convocatorias anteriores seleccionando lo relativo a HHCCSO 2006

- Ano 2014: Resolución do 8 de outubro de 2014 pola que se conceden as axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema universitario de Galicia, convocadas pola Orde do 14 de maio de 2014 (DOG núm. 199 do 17.10.2014), en relación có expediente GPC 2014/082 no que figura como coordinador do grupo José Carlos Millán Calenti, importe total concedido 70.000 € (en tres anualidades: 17.500 € no ano 2014 e 2016 e de 35.000 € no 2015).

Esta información está dispoñible na páxina web da consellería no seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3158> seleccionando a convocatoria de consolidación 2014





- Ano 2015: Resolución do 26 de outubro de 2015 pola que se conceden as axudas da Orde do 26 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladora para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2015. Expediente AGRUP 2015/15 CICA-INIBIC, onde José Carlos Millán Calenti é coordinador dun dos 22 grupos que compoñen a agrupación, importe total concedido a agrupación 500.000 € (en tres anualidades: 100.000 € no ano 2015, 250.000 no ano 2016 e 150.000 no ano 2017)

Esta información está dispoñible na páxina web da consellería no seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19819> seleccionando Agrupacións estratéxicas 2015

- Ano 2017: Resolución do 17 de outubro de 2017, conxunta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se conceden as axudas da orde do 8 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2017. (DOG núm. 202, 24.11.2017), en relación co expediente grupo referencia competitiva ED431C 2017/49 no que figura como coordinador do grupo José Carlos Millán Calenti, importe total concedido 200.000 € (en catro anualidades, do 2017 ao 2020, por importe cada unha delas de 50.000 €).

Esta información está dispoñible na páxina web da consellería no seguinte enlace <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3158> seleccionando programa de consolidación 2017

Nas axudas tramitadas pola Secretaría Xeral de Universidades as universidades do SUG, non figura Rafael Álvaro Millán Calenti como membro de ningún grupo de investigación.

É conveniente aclarar que a Universidade da Coruña é a entidade beneficiaria das axudas, e a responsable de presentar as contas xustificativas dos gastos subvencionables para cada grupo ou agrupación en cada anualidade, para que esta consellería lle poida facer o libramento de fondos. En ningún caso líbranse directamente os fondos ás persoas físicas que coordinan os grupos de investigación das universidades. Tendo en conta o anterior non se considera que a información a cal se permite o acceso poida afectar a dereitos e intereses de terceiros, polo que non é preciso conceder o prazo de quince días para alegacións que establece o apartado 3 do artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e o artigo 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

En canto a restante petición de información incluída na súa solicitude comunícolle que por non ter relación con esta consellería, non se dispón destes datos e podería dirixirse a Universidade da Coruña como entidade beneficiaria das axudas por si estes documentos obrasen en su poder.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, no prazo de un mes reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia adscrita a institución do Valedor do Pobo, de acordo co disposto no artigo 28 e 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral de universidades
José Alberto Díez de Castro

